Escrito por Redaccion @valminorinfo
Luns, 27 Decembro 2010 14:47



As actividades culturais de Nadal, organizadas pola Concellería de Cultura do Concello de Gondomar, continuarán mañá martes 28 de decembro coa representación de “Osofete”, da compañía santiaguesa Tirititempo. A función será ás 18.00 no Auditorio Municipal Lois Tobío. As entradas serán a 2.5 euros, e venderanse desde unha hora antes na taquilla do Auditorio.

“Osofete” é unha historia dirixido a nenos de máis de 2 anos con mensaxe ecolóxica. Segundo a propia compañía, é “un conto para aprender a conservar o medio ambiente, coidar do bosque e sobre todo aprender a aforrar auga”.

A obra, escrita e dirixida por Claudia Massoto, que tamén dirixe os monicreques, conta coa participación de Mario Tomás, un dos fundadores da compañía. Tirititempo fundouse no ano 2006. Esta é a sua cuarta produción.

A obra conta coa colaboración da Agadic, a Axencia galega das Industrias Culturais da Xunta de Galicia.